

## ANUNCIO

O Alcalde o día 20/11/2024 ditou a seguinte resolución con número 764/2024:

### “RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DA PRAZA DE PROFESOR/A DE VIOLONCHELO DA CONVOCATORIA DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN A CLARA MARTÍNEZ VIRSEDA CON DNI \*\*\*5986\*\*

EXPEDIENTE: 2024/G003/000821

### ANTECEDENTES:

**Logo de ver as Bases xerais** e específicas da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polos sistemas de concurso e de concurso-oposición establecidos na disposición adicional sexta e no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicadas no BOP núm. 246 do 29.12.2022 e anuncio no BOE núm. 43 do 20.02.2023 polo que se abre o prazo de presentación de instancias.

**Logo de ver o resultado final** da corrección de erros de data 24/07/2024 da “ACTA DE VALORACIÓN DE MÉRITOS DO TRIBUNAL DE 1 PRAZA DE PROFESOR DE VIOLONCHELO DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO EN EXECUCIÓN DA OEP PARA A ESTABLIZACION DE EMPREGO TEMPORAL APROBADA POLA XGL EN DATA 26/05/2022 LOGO DA ESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR GREGORIO KEILIN KEILIN” do 24.07.2024:

“(…) RESULTADO FINAL por orde decrecente da puntuación obtida:

NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL	MÉRITOS ACADÉMICOS	TOTAL
ALBA REIRÍS RODRÍGUEZ	2,94	9,60	12,54
CLARA MARTÍNEZ VIRSEDA	1,88	9,40	11,28
FERNANDO GARCÍA SANTIAGO	2,10	9	11,10
GREGORIO KEILIN KEILIN	0,94	8,20	9,14

Proponse para a provisión de 1 PRAZA DE PROFESOR DE VIOLONCHELO da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público a **ALBA REIRÍS RODRÍGUEZ** con DNI \*\*\*0542\*\*

Quedando na bolsa de emprego segundo a orde de puntuación:

1ª Clara Martínez Virseda con DNI \*\*\*5986\*\*

2º Fernando García Santiago con DNI \*\*\*1128\*\*

3º Gregorio Keilin Keilin con DNI \*\*\*0285\*\* (…)

**Logo de ver o Decreto de Alcaldía núm. 522/2024** de data 01/08/2024 “Resolución asunto: acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria de estabilización de emprego temporal de longa duración dos aspirantes ás prazas de profesores/as e axudante de profesor/a do conservatorio de música dos documentos xustificativos” publicado no BOP núm. 151 de data 07/08/2024, polo que

se resolve:

“(…) Logo de ver o resultado final da corrección de erros da acta de valoración de méritos de data 24/07/2024 do tribunal de 1 praza de violonchelo da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público en execución da OEP para a estabilización de emprego temporal aprobada pola XGL en data 26/05/2022 logo da estimación do recurso de reposición presentado por Gregorio Keilin Keilin, publicada na sede electrónica do Concello de Melide:

“(…) RESULTADO FINAL por orde decrecente da puntuación obtida:

NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL	MÉRITOS ACADÉMICOS	TOTAL
ALBA REIRÍS RODRÍGUEZ	2,94	9,60	12,54
CLARA MARTÍNEZ VIRSEDA	1,88	9,40	11,28
FERNANDO GARCÍA SANTIAGO	2,10	9	11,10
GREGORIO KEILIN KEILIN	0,94	8,20	9,14

Proponse para a provisión de 1 PRAZA DE PROFESOR DE VIOLONCHELO da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público a ALBA REIRÍS RODRÍGUEZ con DNI \*\*\*0542\*\*

Quedando na bolsa de emprego segundo a orde de puntuación:

1ª Clara Martínez Virseda con DNI \*\*\*5986\*\*

2º Fernando García Santiago con DNI \*\*\*1128\*\*

3º Gregorio Keilin Keilin con DNI \*\*\*0285\*\* (...)”.

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, RESOLVO:

Primeiro: os/as aspirantes propostos/as acreditarán ante a Administración, dentro do prazo de 20 días hábiles desde que se publique a relación de candidatos/as á que se refire a base 9.1 no Boletín Oficial da Provincia orixinais dos documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.(...).

**Logo de ver o documentación achegada por Alba Reirís Rodríguez**, con rexistro de entrada núm. 20240000003473 do 05/09/2024, conforme consta no Certificado do Rexistro Xeral de Entradas e Saídas do Concello de Melide (A Coruña) de data 24/09/2024

**Logo de ver o informe de técnica de Administración Xeral** de data 27/09/2024, polo que se informa favorablemente, entre outra, a documentación achegada por Alba Reirís Rodríguez en data 05/09/2024 con rexistro de entrada núm. 20240000003473.

**Logo de ver o informe do Director do Conservatorio** de Música Profesional de Melide do 02/10/2024 relativo ao horario lectivo por especialidades para o curso 2024-2025.

**Logo de ver o Decreto de Alcaldía núm. 647/2024** de data 07/10/2024 e asunto “Decreto de autorización á contratación dos/as aspirantes ás prazas de profesores/as e axudante de profesor/a do conservatorio de música, convocatoria de estabilización de emprego temporal de longa duración”

**Logo de ver a notificación á interesada** en data 09/10/2024 do Decreto de Alcaldía núm. 647/2024, conforme consta na certificación do servizo de Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHÚ).

**Logo de ver o contrato de traballo indefinido fixo discontinuo** da interesada formalizado en data 14/10/2024 co Concello de Melide para prestar os seus servizos como profesora de violonchelo no Conservatorio de Música do Concello de Melide, establecéndose como duración estimada da actividade “*de setembro a xuño aproximadamente*”, cunha xornada estimada dentro do período de actividade de 287 horas anuais, e coa distribución horaria estimada “*de martes de 16:00 a 21:00 h e de venres de 16:00 h a 22:00 h*”, a tempo parcial (11 horas á semana), establecéndose na cláusula cuarta do contrato o inicio da relación laboral en data 14/10/2024 cun período de proba de 2 meses. Consta na cláusula adicional segunda “Por parte do traballador faise constar que non ven desempeñando ningún posto de traballo ou actividade no sector público delimitado polo artigo 1º da Lei 53/1984, indicando así mesmo que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade”.

**Logo de ver a comunicación deste contrato** de traballo ao Servizo Público de Emprego Estatal en data 14/10/2024.

**Logo de ver a instancia presentada por Alba Reiris Rodríguez** en data 16/10/2024 (núm. de entrada 202499900001569) na que expón “*tras el resultado del proceso de estabilización para la plaza de violoncello en el conservatorio de música de melide: oep. oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal aprobada pola xgl en data 26.05.2022*” e solicita “*la excedencia voluntaria por incompatibilidad de la plaza de violoncello justificada a través de los documentos adjuntos*”. Acompáñase a esta instancia a seguinte documentación:

- “*SOLICITUDE DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INCOMPATIBILIDAD Alba Reiris Rodríguez, con DNI \*\*\*0542\*\*, nacida el 14/05/1989, domicilio a efectos de notificación en Avenida de Pamplona 22, 31010-Barañáin, datos de contacto 655612411*”

**SOLICITA:**  
*La excedencia voluntaria por incompatibilidad respaldada por el Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores en su artículo 46. Además del Convenio Colectivo único de la Xunta de Galicia (DOG 20025) en su artículo 24.5 Inicio excedencia: 14/10/2024.*

**RAZÓN:**  
*La solicitante ocupa el puesto de funcionaria interina en la vacante de Violoncello del Conservatorio Superior de Música de Navarra. Organismo: Educación-Gobierno de Navarra. Anexando el contrato laboral y la antigüedad en el puesto que ocupa.”.*

- Contrato administrativo temporal por necesidades de persoal docente, celebrado entre a traballadora Alba Reiris Rodríguez e a “Dirección del Servicio de Gestión de Personal Temporal del Gobierno de Navarra” en data 1.9.2024, para o posto de traballo de catedrático de música e artes escénicas na especialidade de violoncello con destino en Pamplona-Conservatorio Superior de Música de Navarra, adscrito ao departamento de Educación. A duración do contrato e do 01/09/2024 ao 31/08/2025., cunha xornada de traballo de 16,67 horas semanais de permanencia no centro, das que 10 horas son lectivas.

- Certificado de servizos prestados do Goberno de Navarra do 15/10/2024 onde consta que a dita data continúa prestando servizos no CSM Conservatorio Superior de Música de Navarra (Pamplona) na especialidade de Violoncello desde o 01/09/2024, como persoal contratado no Departamento de Educación, con tipo de contrato “*administrativo*”.

**Logo de ver o Decreto da Alcaldía nº 671/2024** de data 16/10/2024 e asunto: “Providencia en relación á solicitude por parte de Alba Reirís Rodríguez de excedencia voluntaria por incompatibilidade”.

**Logo de ver o informe da técnico de Administración Xeral** de data 11/11/2024 e asunto: “Excedencia voluntaria por incompatibilidade solicitada por Alba Reirís Rodríguez”, no que se conclúe o seguinte: “Declarar á interesada en situación de excedencia voluntaria por incompatibilidade con efectos do día 14.10.2024, sen reserva de posto de traballo. Durante esta situación non se devindicarán retribucións nin será computable o tempo permanecido nesta situación a efectos de promoción, trienios e dereitos pasivos.

*E, simultaneamente, co fin de evitar efectos negativos para os intereses municipais e de cumprir os obxectivos redución da temporalidade no emprego público impostos pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, realizar proposta de contratación para a praza á seguinte persoa proposta polo Tribunal para a súa ocupación”.*

**Logo de ver o Decreto da Alcaldía nº 742/2024** de data 15/11/2024 e asunto: “Declaración de excedencia voluntaria por incompatibilidade sen reserva de praza de Alba Reirís Rodríguez”, notificada á interesada o día 18/11/2024 e aceptada pola mesma o propio día 18/11/2024, no que se resolve o seguinte:

*“PRIMEIRO: Con base no informe da Técnica de Administración Xeral, estimando a solicitude formulada por Alba Reirís Rodríguez:*

*— Dispoñer o seu cesamento como persoal laboral do Concello de Melide con efectos do día 14/10/2024. O departamento de intervención tramitará a correspondente baixa na Seguridade Social na conta de cotización.*

- *Declarar a dita traballadora na situación administrativa de excedencia voluntaria por incompatibilidade do art. 10 LI, con efectos económicos e administrativos dende o día 14/10/2024, sen reserva de posto de traballo. Durante a situación de excedencia non se devindicarán retribucións, nin será computable o tempo de permanencia nesta situación a efectos de promoción, trienios nin dereitos pasivos. Deberá solicitar o reingreso ao servizo activo no Concello de Melide dentro do prazo máximo de 1 mes desde se produza o seu cese no posto que determinou a súa declaración en situación de excedencia. En todo caso o reingreso ao servizo activo queda condicionado á existencia de vacante de igual ou similar categoría á súa que houbese ou se producise.*

*SEGUNDO: Requirir ao/á seguinte aspirante proposto/a polo Tribunal para ocupar a praza, a fin de que acredite os requisitos esixidos na forma e termos establecidos na base décima das bases das Bases Xerais.”.*

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Proceder ao chamamento para cubrir a praza de PROFESORA DE VIOLONCHELO a **CLARA MARTÍNEZ VIRSEDA** con DNI \*\*\*5986\*\* para que no prazo máximo improrrogable de 20 días hábiles dende a notificación do presente acordo acredite ante a administración, orixinais dos documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo a Clara Martínez Virseda con DNI \*\*\*5986\*\*.

**TERCEIRO:** Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Melide.

Ordeno e asino en Melide, martes 19 de novembro de 2024. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.”



Praza do Convento, 5 -15800 MELIDE (A Coruña)  
Tfno: 981505003 – Fax: 981506203  
[www.concellodemelide.gal](http://www.concellodemelide.gal)

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, mércores 20 de novembro de 2024. Asdo: A secretaria xeral / María Cruz Andrade García.